

Paseo ó solpor

... agora que deita o crepúsculo...

Rei sol, fazulas de roibén, moeda do soberano día
tócame e a miña pel convértese en córnea
o meu espiñazo en nervio óptico e o meu corpo treme
case cegado polo crisol de ouro que deitas
neste mar e nesta cidade e fascíname.
Aquí erguéronse hai tempo –e aínda están—
ringleiras de casas e rúas que pertencen a outra cidade
non a esta que ti transformaches por completo.

Camiñamos pola beiramar. Os barcos
dos pescadores da anoitecida alistados para saír.
Motores ranqueando, lámpadas de parafina nas pontes
e a cidade enteira sae ó paseo marítimo,
os amantes do brazo e os mozos fachendosos,
nais e pais, nenos comendo xeados,
vellos mirando dende as terrazas dos cafés,
e os outeiros escurecidos achéganse mansos como animais .

Doce resplandor da tardiña, sobre a badía e os outeiros
o teu brazo tócame case sen querer
como o roce desta moza que pasea á miña beira
de grosas cadeiras, paso curto e porte compasado,
cabelo cara atrás, delicado pescozo, bronceados
ombreiros de verán e sorriso cor oliva.
Bébote, luz escintilante, como o viño, como a música,
como os seus devanceiros te beberon durante milleiros de anos.

Cidade de poroso nome *Elephtería*
e aínda que as túas cicatrices son as meniñas agrisadas dos seus ollos
aínda así, nesta hora en que a luz e as súas modulacións
xogan sutís no seu rostro querendo ser canción ou palabra,
a ela pertence o antigo dereito de transitar este peirao
como instrumento e gardiana da túa luz
recolléndoa no abismo das súas fondas pupilas
e a ela a venerada liberdade de recorrerte coa súa danza.

Querida tarde, luz milenaria
cantante de clara voz fermosa como esta muller,
de que modo non adorar a bendición que proxectas
nesta cidade e nas súas xentes, coma un molde
que transforma en escultura todo canto abarca, o mundo enteiro?
Convertinme no teu escravo, se é que non no teu cidadán.
E devecendo por beberte enteira –podería encher
cada poro co teu esplendor-- coa súa liberdade.

Richard Berengarten

Traducido por Loreto Riveiro e F. R. Lavandeira

interLitQ.org